

CASTELAO

BIOGRAFÍA (1886 - 1950)



É a **figura máis sobranceira** da cultura galega do século XX. Destaca o seu labor de pintor, debuxante, narrador, dramaturgo, ensaísta e político galeguista.

Participa en sindicatos e ingresa no galeguismo ao entrar en contacto coas **Irmandades da Fala**, inicia un intenso labor político que continuará ata a súa morte. Dirixe a *Revista Nós* cando comeza a súa relación con Risco, Otero e Cuevillas. Tamén destaca como membro elixido da Real Academia Galega.

Durante a guerra civil **defende a causa republicana no exilio**, en Nova York e logo en Bos Aires.

OBRA LITERARIA

Como escritor **comeza cultivando a narrativa** e máis tarde inicia o seu labor como **ensaísta**. Por último como dramaturgo.

As **principais características** da súa obra son as seguintes:

- **Crítica social:** denuncia das inxustizas que sofren os máis débiles, defensa das clases populares, reivindicación da lingua galega, defensa da democracia fronte ao fascismo.
- **Humor acedo:** usa a ironía e a retranca para amosar os defectos da sociedades galega.
- **Lirismo** con abundantes recursos expresivos.
- **Concisión e brevidade.**

Narrativa:

- *Un ollo de vidro:* é una novela curta centrada no **tema de ultratumba**. Un esqueleto narra as peripecias da súa actual vida nun cemiterio.
- *Cousas:* é un conxunto de **relatos breves** acompañados dunha ilustración. Ofrece un mosaico da realidades galega do seu tempo. É a súa creación máis orixinal.



- *Retrincos*: é unha **colección de cinco relatos**, aparentemente autobiográficos, nos que se narra acontecementos e vivencias do autor en distintos momentos da súa vida.
- *Os dous de sempre*: é a **única novela longa** do autor. Presenta a biografía paralela de dous personaxes, Pedriño e Rañolas. Amigos dende a infancia e que encarnan dous xeitos distintos de concibir a vida.
 - **Rañolas**: é o rapaz que vai superando todos os atrancos grazas a súa intelixencia, valentía e idealismo. O narrador inclúe trazos positivos nas súas descricións.
 - **Pedriño**: é unha persoa sen vontade, preguiceiro e materialista que ten por única preocupación comer e folgar. O narrador inclúe trazos negativos para describir a Pedriño.



(Na portada figura un **paxaro** e unha **ra**, que representan simbolicamente a cada personaxe: o inconformista que ergue o voo superando as dificultades (paxaro); e o pasivo que sempre permanece pegado ao chan).

Ensaio:

- *Sempre en Galiza*: é a súa **obra ensaística máis importante** e foi publicada en Bos Aires. É a obra máis importante do pensamento galeguista da época. Define Galicia coas **características propias dunha nación**: territorio diferenciado, lingua propia, tradición cultural...
- *As cruces de pedra na Bretaña* e *As cruces de pedra na Galiza*: son traballos sobre a **arte popular**.

Teatro :

- *Os vellos non deben de namorarse*: é a súa **única obra teatral**. Consta de **tres lances independentes** pero de tema e estrutura semellante. Castelao definiu esta peza como “unha obra imaxinada por un pintor e non por un literato”. Deste xeito, manifesta a importancia que lle concedía á escenografía (iluminación, decorado...), mediante os cales **revolucionou o teatro galego** do seu tempo.

Está formada por:

- **Prólogo**: anticipa o tema e o argumento da obra: os amores dos vellos van aparelados á morte.
- **Lances**: presentan tres versións dun mesmo drama: en cada un hai un vello namorado dunha moza e un mozo que rivaliza con el. En todos aparece a morte como personaxe que advirte ao vello das dramáticas consecuencias do seu namoramento.
- **Epílogo**: os tres vellos reúnen e analizan as circunstancias da súa morte, láméntanse da súa imprudencia e coñecen noticias das súas respectivas mozas.

Obra gráfica :

Castelao foi tamén **pintor, debuxante e caricaturista**, converténdose na principal figura da arte galega do seu tempo. Publicou os debuxos do álbum *Nós, Cincuenta homes por dez réas* e a serie *Cousas da vida*. Nestas obras presenta **personaxes populares** como labregos e mariñeiros, a través do **humor e dunha visión crítica**.

Despois da guerra aparecen os álbums *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*. Todas son estampas dramáticas da **represión cruel do fascismo** en Galicia.

